Lugo, 26 de outubro de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 3010

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 8/451 NOMEAMENTO DE CATRO FUNCIONARIAS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (GRUPO: C (SUBGRUPO C2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: AUXILIAR), na parte dispositiva do cal se fai constar:

"PRIMEIRO.- Nomear a Paula Abuín Fernández, co DNI ***3007**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto Cód. 5104/32, auxiliar administrativo/a no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua - Arquivo Municipal.

SEGUNDO.- Nomear a Aurora de Vega Flores, DNI ***8325**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (gubgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto cód. 22/32/1, auxiliar administrativo/a no Servizo de Licenzas.

TERCEIRO.- Nomear a Yanira Abraira Veiga, DNI ***5591**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto cód. 23/32/1, auxiliar administrativo/a no Servizo de Arquitectura.

CUARTO.- Nomear a Marta Sánchez Sánchez, DNI ***4631**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto cód. 720101/32/2, auxiliar administrativo/a no Servizo de Participación e Atención Cidadá - Negociado de Rexistro.

QUINTO.- Notificarlle o acordado ás persoas interesadas, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

No caso de que os/as aspirantes non tomasen posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderán todos os dereitos derivados de participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado á súa persoa.

SEXTO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 28 de outubro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3037

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por decreto da Alcaldía de 3 de novembro do 2026, procedeuse á rectificación de erro nas bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Traballo Social.

Publicadas as bases aprobadas no BOP número 227 de 03 de outubro do 2026 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Traballo Socia, advertiuse un erro na redacción do apartado 11.7.1 das referidas bases, relativo ao primeiro exercicio teórico, no que se establece o seguinte:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, relativas á parte xeral do temario (con 15 preguntas de reserva), con 4 respostas alternativas cada unha, que serán

Anuncio publicado en: Núm BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Debendo dicir:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, das cales 25 preguntas corresponderán á parte común do temario e 50 preguntas corresponderán á parte específica do temario que figura como Anexo I destas bases, con 15 preguntas de reserva, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Monforte de Lemos, 4 de novembro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3038

Anuncio

Por decreto da Alcaldía de 3 de novembro do 2026, procedeuse á rectificación de erro nas bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Educación Social.

Publicadas as bases aprobadas no BOP número 227 de 03 de outubro do 2026 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Educación Social, no que se establece o seguinte:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, relativas á parte xeral do temario (con 15 preguntas de reserva), con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Debendo dicir:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, das cales 25 preguntas corresponderán á parte común do temario e 50 preguntas corresponderán á parte específica do temario que figura como Anexo I destas bases, con 15 preguntas de reserva, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Monforte de Lemos, 4 de novembro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3039

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Exposición ao público da conta xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2025.

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2025 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 29 de outubro de 2026; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Outeiro de Rei, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3011

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/318, de data 28 de outubro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Anuncio publicado en: Núm BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)